



SELECCIÓN DUN MÉDICO PARA O S.P.A.D.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 16 de novembro de 2010, acordou levar a cabo a contratación dun/ha licenciado/a en medicina para o SPAD (Servizo Preventivo Asistencial de Drogodependencias), mediante contrato laboral de interinidad por vacante mentres non se proceda á cobertura regulamentaria de dito posto ou a amortización do mesmo.

As persoas interesadas nesta contratación deberán remitir ao Concello de Vilagarcía unha instancia solicitando tomar parte no proceso de selección, no prazo de 15 días naturais a contar dende o día seguinte ao da publicación desta convocatoria.

As bases/criterios de selección poderán ser examinados polos/as interesados/as no taboleiro de anuncios do Concello, así como na web do Concello, www.vilagarcia.es.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Vilagarcía de Arousa, 30 de novembro de 2010.

M^a Dolores García Giménez, alcaldesa-presidenta.



RESOLUCIÓN DA ALCALDESA-PRESIDENTA

Dado que está vacante un posto de Médico no servicio do SPAD, é polo que á XGL en sesión celebrada o día 16 novembro de 2010 acordou convocar a selección para a contratación de UN/HA MEDICO, mediante contrato laboral de interinidade por vacante mentres non se proceda a cobertura regulamentaria de dito posto ou a amortización do mesmo. Para elo Resolvo aprobar as Bases criterios de selección seguintes:

BASES DE SELECCIÓN:

1.- A selección levarase a cabo mediante concurso de méritos, e unha entrevista persoal, e poderán presentarse tódalas persoas que o desexen, reúnan os requisitos xerais para o acceso ao emprego público conforme ao Estatuto Básico do Empregado Público (Ley 7/2007) e estean en posesión do título de Licenciado en Medicina.

2.- .- As persoas interesadas nesta contratación deberán remitir ao Concello de Vilagarcía instancia solicitando tomar parte no proceso de selección, no prazo de 15 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria na web do Concello de Vilagarcía e alomenos nun diario con tirada en toda Galicia.

Unha vez recibidas as instancias fixarase mediante anuncio na web do Concello a data de celebración das probas, debendo aportar/entregar os candidatos/as no mesmo acto:

- Fotocopia compulsada do D.N.I.
- Xustificante da titulación esixida.
- Currículum vitae e xustificantes dos méritos que aleguen para ser valorados polo Tribunal. Con relación- resumo dos mesmos segundo o baremo recollido nas presentes bases.

3.- A composición da Comisión seleccionadora axustarase ao disposto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, e estará integrada polos/as seguintes membros:

- Presidente/a: A Directora do S.P.A.D ou persoa en quen delegue.
- Vogais: (3): Tres empregados/as públicos.
- Secretaria/o: A do Concello ou funcionario/a en quen delegue.

Os membros da Comisión seleccionadora deberán posuér grao de titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o posto convocado.

A Comisión seleccionadora non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia de, alo



menos, tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente) e, en todo caso, coa asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

Os membros da Comisión seleccionadora deberán abstenerse de intervenir, cando concorran neles algúna das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos concorra algúna das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/1992.

A Comisión seleccionadora queda facultada para resolve-las dúbidas que se presenten e toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases.

As indemnizacións por asistencia como membros da Comisión seleccionadora faranse efectivas de acordo co disposto no artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servicio, categoría primeira.

4.- O Tribunal avaliará os méritos que aleguen os aspirantes, debidamente xustificados, conforme o seguinte baremo:

1 - Por ter prestado servicios, como Médico en posto de traballo relacionado coa Asistencia a Drogodependentes,

- na Administración Pública: 0,5 puntos por cada ano de traballo.
- en Institución ou empresa privada: 0,25 puntos por cada ano de traballo.
 - o Ata 4 puntos como máximo.

2 - Por asistencia a cursos, publicacións, becas, premios, estudios, traballos de investigación, etc), serán avaliados polo Tribunal da seguinte forma:

- En materias de drogodependencias (0.10p por curso de 8 horas), ata un máximo de 1 punto.
- Por te-la especialidade de PSIQUIATRÍA, 3 puntos. Por ter formación en saúde mental (mínimo un ano), 1 punto. (Avaliarase soamente un destes.)
- Por ter Master de Drogodependencias, 2 puntos.
- Por especialización en alcoholismo, adicciones, psicodiagnóstico u otros relacionados co posto de traballo (mínimo 150 horas) 2 puntos.



- Ata un maximo de 6 puntos.

3 - Coñecemento da lingua galega. O tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos/as aspirantes, mediante unha proba que se cualificará de cero a tres puntos, sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de un con cinco puntos para superala. Esta proba poderá sustituirse pola acreditación do coñecemento da lingua galega mediante a presentación do título do CELGA 4 (terá a mesma validez posuía a certificación de aptitude do curso de lingua galega regulados na Orde do 1 de abril de 2005 de Perfeccionamento).

O resultado desta proba calificarase como apto ou non apto.

5.- A entrevista persoal versará sobre o currículum vitae presentado e coñecementos en relación ó servicio e traballos a realizar, e será avaliada polo Tribunal ata un máximo de 15 puntos.

6.- A cualificación da proba selectiva será a suma das puntuacións obtidas por cada aspirante no concurso de méritos e na entrevista, e o Tribunal proporá para aúa contratación ó aspirante que acada a maior puntuación global. Así mesmo formulará lista ordeada dos candidatos coa que se formará unha bolsa de traballo.

7.-O aspirante que resulte seleccionado comezará a prestar servicios o día que se lle indique pola Alcaldía.

8.- Para o caso de que o aspirante seleccionado rexeitase a contratación, renunciase posteriormente ou sexa necesario proceder a novas contratacións segundo o previsto no EBEP procederíase a realizar o ofrecemento segundo a orden da lista que integra a bolsa de traballo resultante do proceso de selección.

Vilagarcía de Arousa, 26 de novembro de 2010.

A Alcaldesa-Presidenta

Mª Dolores García Giménez

Concello de Vilagarcía de Arousa

SECRETARÍA
Rosa Losada Suárez